


CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na sesión ordinaria do 7 de xuño de 2016, aprobou por asentimento o *Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Veterinaria*.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a 22 de xuño de 2016, co Visto e Prace do sr. Reitor.

Vº e Prace

O reitor



Juan M. Víaño Rey





FACULTADE DE VETERINARIA

Regulamento de réxime interno

Facultade de Veterinaria

Aprobado pola Xunta de Facultade: 17 de decembro de 2015

Ratificado polo Consello de Goberno: 7 de Xuño de 2016

- Artigo 1. Obxecto
- Artigo 2. Disposición xeral

CAPÍTULO I: DA XUNTA DE FACULTADE

- Artigo 3. Disposición xeral
- Artigo 4. Competencias
- Artigo 5. Composición
- Artigo 6. Outras situacións
- Artigo 7. Convocatorias
- Artigo 8. Orde do día
- Artigo 9. Constitución das sesións
- Artigo 10. Adopción de decisións
- Artigo 11. Desenvolvemento dos debates e sistema de votación
- Artigo 12. Actas
- Artigo 13. Certificación de acordos

CAPÍTULO II: DA COMISIÓN PERMANENTE E DOUTRAS COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE

- Artigo 14. Comisións delegadas. Normas xerais
- Artigo 15. Composición da Comisión Permanente
- Artigo 16. Funcionamento e competencias da Comisión Permanente
- Artigo 17. Comisións de títulos
- Artigo 18. Comisión de Calidade
- Artigo 19. Comisión de Asuntos Económicos, Equipamentos e Servizos
- Artigo 20. Comisión de Traballo Fin de Grao
- Artigo 21. Comisión de Normalización Lingüística
- Artigo 22. Comisión de Actividades Culturais
- Artigo 23. Comisión de Xénero
- Artigo 24. Comisión de Biblioteca

CAPÍTULO III. ÓRGANOS UNIPERSOAIS

- Artigo 25. O equipo decanal
- Artigo 26. O/a decano/a
- Artigo 27. Os/as vicedecanos/as
- Artigo 28. O/a secretario/a
- Artigo 29. Elección do/da decano/a
- Artigo 30. A revogación do/da decano/a
- Artigo 31. A reforma do Regulamento

Disposición adicional, Derrogación normativa e Disposición final

O Regulamento de réxime interno da Facultade de Veterinaria, segundo o disposto no Artigo 96 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, é a norma na que se establecen as disposicións destinadas a regular o seu funcionamento.

Para todas aquelas cuestións que non estean previstas neste Regulamento, actuarase conforme aos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, ás demais normas legais e regulamentarias sobre ensino universitario, e ao previsto na Lei de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 1. Obxecto

A Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela é un centro universitario encargado do deseño, planificación da docencia, organización e xestión dos estudos conducentes á obtención de títulos académicos oficiais de grao e máster no ámbito da veterinaria. Tamén poderá impartir ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.

A Facultade potenciará e garantirá, no marco das súas competencias, o uso pleno da lingua galega en todos os ámbitos.

Artigo 2. Disposición xeral

Os órganos de goberno e administración da Facultade de Veterinaria son:

- a) A Xunta de Facultade.
- b) O/a decano/a.
- c) Os/as vicedecanos/as.
- d) O/a secretario/a.

CAPÍTULO I: DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 3. Disposición xeral

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno da Facultade de Veterinaria, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

Artigo 4. Competencias

Son competencias da Xunta de Facultade as que a seguir se indican:

- a) A elección do/da decano/a e, de ser o caso, a súa revogación mediante unha moción de censura construtiva.
- b) A elaboración e aprobación do seu Regulamento de réxime interno e das súas reformas.
- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas no centro, así coma a participación na elaboración daquelas outras compartidas por varios centros.
- e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais, de creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e de organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.
- f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación, a supervisión e o control da actividade docente do profesorado con docencia no centro, das prácticas tuteladas e das prácticas externas contempladas nos plans de estudos e a participación nos procedementos de avaliación da calidade docente.
- g) A elaboración dun calendario de actividades lectivas para cada curso, que se deberá facer público con anterioridade á apertura da matrícula.
- h) A programación dos espazos, servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.
- i) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.
- j) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.

- k) A creación de cantas comisións delegadas estime oportunas e a designación da súa composición, funcións e competencias.
- l) A promoción de programas de intercambio e de medidas para a realización de prácticas externas.
- m) A manifestación da súa opinión acerca de calquera asunto relacionado coa Facultade ou coas súas actividades.
- n) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

Artigo 5. Composición

1. A Xunta de Facultade estará composta por:

- a) O/a decano/a, que a convocará e presidirá.
- b) Os/as vicedecanos/as.
- c) O/a secretario/a, que o será tamén da Xunta.
- d) O/a responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.
- e) O/a director/a da Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo.
- f) O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente do profesorado a tempo completo:
 - Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que representará o 51%.
 - O resto, sempre que non exceda do 10% do total da Xunta. A representación do subsector formado por persoal a tempo parcial será do 5% do total da Xunta. No caso de non haber candidatos suficientes no subsector de persoal a tempo parcial, os postos vacantes pasarán a sumarse á representación do persoal a tempo completo.
- g) Unha representación do estudantado do 32%. O estudantado de grao suporá o 25% e o estudantado de máster o 7%. No caso de non haber candidatos suficientes no subsector de estudantado de máster, os postos vacantes pasarán a sumarse á representación do subsector de estudantado de grao.
- h) Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous.

2. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás a representación do estudantado, que o será por un ano. As eleccións de representantes da Xunta de Facultade son convocadas e supervisadas pola Comisión Electoral Central da USC que determinará o número de representantes que cabe elixir de cada sector e subsector.

3. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación coa Facultade ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector ou subsector polo que foi elixido. Os postos de representación vacantes serán cubertos, ata celebrar novas eleccións, polos/as candidatos/as non elixidos do sector ou subsector correspondente que tiveran maior número de votos nas anteriores eleccións, e sempre que cumpran os requisitos demandados ao sector ou subsector polo que foron candidatos.

Artigo 6. Outras situacións

1. Tamén poderá ser convocado para a Xunta de Facultade con voz e sen voto, todo o persoal docente e investigador que imparta docencia no centro e non sexa membro dela, sempre que o solicite por escrito ao/á decano/a da Facultade.

2. Cando a natureza dalgún punto ou puntos da orde do día o aconselle, o/a decano/a poderá convidar, con voz e sen voto, a persoas que non pertencen á Xunta de Facultade,

por iniciativa propia ou dun mínimo do 15% dos membros da Xunta. Neste caso, as persoas convidadas só estarán presentes na exposición e debate do punto ou puntos para os que foron convidadas.

Artigo 7. Convocatorias

1. A Xunta de Facultade reunirase con carácter ordinario polo menos tres veces durante o curso académico, en período lectivo.
2. A Xunta de Facultade reunirase con carácter extraordinario a iniciativa do/a decano/a ou a pedimento, por escrito, dun mínimo do 25% dos membros da Xunta. Neste caso, a solicitude deberá incluír o asunto que se quere tratar, que deberá ser o suficientemente explícito e concreto para que se coñeza o seu contido. A convocatoria terase que realizar o antes posible e, en calquera caso, dentro dos 10 días hábiles seguintes á presentación da solicitude no Rexistro da Facultade.
3. As convocatorias das reunións da Xunta de Facultade serán enviadas polo/a Secretario/a a tódolos membros da Xunta de Facultade, por orde do/a decano/a ou de quen legalmente o substitúa. Na convocatoria deberá constar a orde do día, data, hora da primeira e da segunda convocatoria e lugar da reunión.
4. A convocatoria dunha sesión enviarase por correo electrónico aos enderezos institucionais dos seus membros; polo menos con 72 horas de antelación correspondentes a días hábiles, agás no caso dunha xunta extraordinaria, que o será cun mínimo de 48 horas de antelación. As convocatorias das sesións tamén se farán públicas na páxina web da Facultade e no taboleiro de anuncios.
5. A documentación ou información relacionada directamente cos asuntos da convocatoria que impliquen toma de decisións, deberán estar a disposición dos membros da Xunta no mesmo prazo que a convocatoria desta.
6. A asistencia ás sesións da Xunta de Facultade constitúe un dereito e un deber para todos os seus membros e débense prever as medidas que favorezan esta asistencia.

Artigo 8. Orde do día

1. A orde do día será elaborada polo equipo decanal. No caso das sesións ordinarias, nela figurarán necesariamente un primeiro punto de aprobación das actas das sesións anteriores e un último punto de rogos e preguntas.
2. Os membros da Xunta poderán solicitar a inclusión de puntos na orde do día da Xunta de Facultade ordinaria mediante solicitude ao/a decano/a asinada por un mínimo do 10% dos membros da Xunta.

Artigo 9. Constitución das sesións

1. A Xunta de Facultade constituirase validamente en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, e en segunda convocatoria coa presenza de máis do 25% dos seus membros. En ambos os casos requirirase a presenza do/a decano/a e o/a secretario/a ou, de ser o caso, de quen os substitúa. De non acadarse o quórum na segunda convocatoria procederase a unha nova convocatoria da Xunta de Facultade nos vindeiros tres días hábiles.
2. As sesións da Xunta de Facultade poderán desenvolverse nunha ou máis reunións. Enténdese por sesión o período de tempo preciso para esgotar a orde do día, e por reunión o período de mañá ou de tarde en que teña lugar parte da sesión. Cada reunión non poderá durar máis de 4 horas agás que acordasen o contrario máis da metade dos membros da Xunta presentes ao finalizar ese período. Caso de ser precisa máis dunha reunión, a seguinte deberá celebrarse no mesmo día.

Artigo 10. Adopción de decisións

1. As decisións da Xunta de Facultade tomarán a forma de acordos, que se poderán tomar por asentimento ou por votación favorable da maioría simple dos membros presentes.
2. Exceptúanse das maiorías indicadas no apartado anterior aqueles acordos para os que explicitamente se especifiquen outras normas que sexan de aplicación.
3. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros e así o acorden por voto favorable da maioría.

Artigo 11. Desenvolvemento dos debates e sistema de votación

1. O/a decano/a ou quen o substitúa dirixirá e ordenará o desenvolvemento dos debates, establecendo quendas de palabra e será a persoa encargada de realizar a primeira e última intervención respecto de cada un dos puntos da orde do día. Se o considera oportuno, fixará un tempo de debate para cada punto e, en función das peticións de palabra, determinará a duración de cada intervención.
2. Os membros da Xunta de Facultade teñen dereito ao uso da palabra en relación con calquera dos puntos da orde do día. Só poden ser interrompidos polo/a decano/a, para ser chamados á orde, para indicarlles que se cingan ao tema ou cando remate o tempo establecido para a súa intervención.
3. Unha vez debatido un punto da orde do día terá lugar, se procede, a votación, na que só os presentes poderán participar. En caso de dúbida, deberáselle entregar ao/a secretario/a o texto literal das propostas e este procederá á súa lectura antes de sometelas a votación. De haber máis de dúas propostas, efectuarase unha primeira votación conxunta de todas elas e, posteriormente, levarase a cabo unha segunda votación entre as dúas máis votadas, aprobándose a que acade maioría simple dos presentes. En caso de empate, despois dunha quenda de intervencións limitada a un dos promotores de cada proposta, procederase a unha nova votación. En caso de persistir o empate, decidirá o voto de calidade do/a decano/a.
4. Para axilizar o procedemento, as votacións poderán ser públicas e a man alzada, pero serán secretas cando así o solicite un mínimo de tres membros da Xunta. En calquera caso, serán obrigatoriamente secretas cando se refiran a persoas concretas.
5. A non ser que estea regulado por normativa de rango superior, non se admitirá o voto anticipado nin o voto delegado.

Artigo 12. Actas

1. A Secretaría da Xunta de Facultade será desempeñada polo/a secretario/a da Facultade que redactará acta de cada sesión.
2. En cada acta especificaranse:
 - a) Os membros da Xunta de Facultade que asistiron á reunión e as ausencias comunicadas.
 - b) A orde do día da sesión e as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou.
 - c) Un resumo dos debates que inclúa os puntos principais das deliberacións.
 - d) O contido íntegro dos acordos, especificando, no caso de realizárense votacións, o número de votos favorables a cada unha das propostas.
3. Na acta figurará, logo da solicitude dos respectivos membros da Xunta, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifican, ou o sentido do voto favorable. Neste caso, poderán formular por escrito o seu voto particular, no prazo de 48 horas, que se incorporará ao texto aprobado.

4. Así mesmo, calquera membro da Xunta terá dereito á transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, para o que será imprescindible que se lle entregue por escrito ao/a secretario/a antes das 48 horas seguintes ao remate da sesión.
5. Os borradores das actas serán enviados coa documentación da seguinte sesión ordinaria da Xunta de Facultade. Nesa sesión da Xunta aprobaranse as actas coas modificacións propostas polos seus membros e aprobadas por esta.
6. As actas, unha vez aprobadas, serán asinadas polo/a secretario/a, ou quen o/a substitúa, co visto e praxe do/a decano/a, ou quen o/a substitúa. Esas actas archivaranse e quedarán baixo a custodia do/a secretario/a da Facultade e poderán ser consultadas por calquera membro da Xunta de Facultade.

Artigo 13. Certificación de acordos

O/a secretario/a, co visto e praxe do/a decano/a, expediralle certificación dos acordos a calquera membro da Facultade que o solicite por escrito. Con anterioridade á aprobación da acta tamén poderán emitirse certificacións sobre os acordos que se adoptaron, facéndose constar neste caso tal circunstancia.

CAPÍTULO II. DA COMISIÓN PERMANENTE E DOUTRAS COMISIÓNS DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 14. Comisións delegadas. Normas xerais

1. A Xunta de Facultade poderá crear comisións delegadas que teñen como misión emitir informes, coordinar, estudar e elaborar propostas sobre os asuntos que este regulamento ou os órganos competentes de goberno da Facultade lles encomenden.
2. As comisións delegadas poderán ter carácter estable ou temporal.
3. O decano informará das actuacións da Comisión Permanente á Xunta de Facultade e das actuacións das restantes comisións delegadas á Xunta de Facultade ou á Comisión Permanente.
4. As comisións delegadas estables serán:
 - Comisión Permanente
 - Comisións de Títulos
 - Comisión de Calidade
 - Comisión de Asuntos Económicos, Equipamentos e Servizos
 - Comisión de Traballo Fin de Grao
 - Comisión de Normalización Lingüística
 - Comisión de Actividades Culturais
 - Comisión de Xénero
 - Comisión de Biblioteca
5. Ademais destas comisións, a Xunta de Facultade poderá crear outras de carácter temporal para tratar asuntos concretos.
6. Os membros das comisións delegadas, a non ser que estea especificado nos seus propios regulamentos, teñen que ser membros da Xunta de Facultade.
7. Estas comisións, por decisión de quen as presida ou por suxestión de tres ou máis membros (cinco no caso da Comisión Permanente), poden invitar a outras persoas a participaren nelas, con voz e sen voto.
8. Os membros electos das comisións delegadas serán elixidos polos membros do mesmo sector ou subsector que formen parte da Xunta de Facultade. A elección deses membros terá lugar nunha reunión da Xunta de Facultade, seguindo o proceso establecido no Regulamento Electoral Xeral da USC.

9. A representación do profesorado con vinculación permanente renovarase nun prazo máximo de 3 meses despois das eleccións a decano/a. Os restantes membros das comisións delegadas renovarase logo dos correspondentes procesos electorais nos diferentes sectores e subsectores. Os membros das comisións delegadas cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros da Xunta de Facultade. Os postos de representación vacantes serán cubertos, ata celebrar novas eleccións, polos candidatos/as non elixidos do sector ou subsector correspondente que tiveran maior número de votos nas anteriores eleccións, e sempre que cumpran os requisitos demandados ao sector ou subsector polo que foron candidatos.

10. Cando non estea especificado, o/a decano/a ou persoa na que delegue, formará parte das comisións e presidiráas.

11. Cando non estea especificado, cada comisión elixirá ao seu secretario ou secretaria. Este/Esta será o encargado de redactar acta de cada reunión.

12. As comisións delegadas serán convocadas de modo ordinario cun mínimo de 48 horas de anticipación.

13. O réxime de constitución das comisións será o mesmo que o da Xunta de Facultade.

14. Os acordos, informes, propostas e recomendacións das comisións delegadas adoptaranse por maioría simple.

Artigo 15. Composición da Comisión Permanente

A Comisión Permanente estará integrada por:

- a) O/a decano/a, que a convocará e presidirá.
- b) Os/as vicedecanos/as.
- c) O/a secretario/a da Facultade, que o será tamén da Comisión Permanente.
- d) O/a responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.
- e) Unha representación dos distintos sectores integrantes da Xunta:
 - 6 representantes do profesorado con vinculación permanente.
 - 1 representante do resto do profesorado.
 - 3 representantes dos estudantado de grao.
 - 1 representante do resto do estudantado.
 - 1 representante do persoal de administración e servizos.

Artigo 16. Funcionamento e competencias da Comisión Permanente

A Comisión Permanente é o órgano de goberno delegado da Xunta de Facultade. Reunirase sempre que o/a decano/a o considere oportuno ou a pedimento, por escrito, dun mínimo do 25% dos seus membros. En todos os demais aspectos referidos ao seu funcionamento seguirase o previsto neste Regulamento para a Xunta de Facultade. O/a secretario/a da Facultade, como secretario/a da Comisión Permanente, redactará acta de cada sesión que se aprobará na seguinte sesión ordinaria, e informará á Xunta de Facultade dos acordos.

As competencias da Comisión Permanente serán as seguintes:

- a) Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.
- b) Coñecer e adoptar acordos sobre aqueles asuntos que, sendo competencia da Xunta de Facultade e non estando expresamente reservados a ela, lle foran delegados.
- c) Asesorar en todas as cuestións que o equipo decanal lle someta no exercicio das súas competencias.
- d) En canto o Pleno da Xunta de Facultade non se pronuncie en sentido contrario, enténdese que delega as súas competencias na Comisión Permanente agás as que se mencionan nas letras a), b), c), d), e), f), g), h), i) e k) do Artigo 4 deste Regulamento.

Artigo 17. Comisi3ns de t3tulos

1. N3mero de comisi3ns: establecerase unha comisi3n espec3fica por cada unha das titulaci3ns adscritas 3 Facultade de Veterinaria.
2. A composici3n e as funci3ns destas comisi3ns son as recollidas no Sistema de Garant3a Interna de Calidade (SGIC) da Facultade de Veterinaria, no Regulamento das comisi3ns acad3micas no caso dos m3sters, ou por normativa superior.
3. Corresp3ndelles 3s comisi3ns de t3tulos todos os aspectos relacionados co desenvolvemento da actividade acad3mica da correspondente titulaci3n.

Artigo 18. Comisi3n de Calidade

1. A Comisi3n de Calidade de Centro estar3 formada por:
 - O/a decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside e a convoca.
 - Un/unha vicedecano/a, que ser3 a persoa responsable de calidade do centro, que actuar3 como Secretario/a.
 - Os/as coordinadores/as das titulaci3ns adscritas ao centro.
 - 1 representante do profesorado de cada unha das titulaci3ns impartidas na Facultade.
 - 1 representante do estudantado de cada unhas das titulaci3ns impartidas na Facultade.
 - O/a responsable da Unidade de Apoio 3 Xesti3n de Centros e Departamentos.
2. A Comisi3n de Calidade de Centro 3 un 3rgano que participa nas tarefas de planificaci3n, desenvolvemento e seguimento do SGIC do centro, actuando ademais como medio de difusi3n interna do SGIC e dos seus logros.
3. A Comisi3n de Calidade de Centro reunirase coa periodicidade marcada na s3a planificaci3n anual, redactar3 acta de cada unha das sesi3ns, e far3 p3blicas as s3as an3lises e decisi3ns.
4. As funci3ns principais da Comisi3n de Calidade de Centro son as seguintes:
 - a) O dese3o, implantaci3n, seguimento e mellora continua do SGIC do centro
 - b) A elaboraci3n da Memoria Anual de Calidade do centro, que incluir3, como m3nimo:
 - Informe de resultados do SGIC e propostas do plan de melloras do centro para o seguinte curso.
 - Informe de seguimento da implantaci3n do SGIC e propostas para a s3a mellora.
 - Memoria anual dos t3tulos que incl3e as propostas de mellora.

Artigo 19. Comisi3n de Asuntos Econ3micos, Equipamentos e Servizos

1. A Comisi3n de Asuntos Econ3micos, Equipamentos e Servizos estar3 formada por:
 - O/a Decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside e a convoca.
 - A persoa responsable de Asuntos Econ3micos do centro, que actuar3 como Secretario/a.
 - 6 representantes do profesorado con vinculaci3n permanente.
 - 2 representantes do resto do profesorado.
 - 2 representantes dos estudantados de grao.
 - 1 representante do resto do estudantado.
 - 1 representante do persoal de administraci3n e servizos.
2. Entre outras, as s3as funci3ns espec3ficas son:
 - a) Informar o proxecto de orzamento elaborado polo equipo decanal antes do seu debate na Xunta de Facultade.
 - b) Propor a distribuci3n das partidas de equipamento docente do centro e de comunicaci3ns.

- c) Propor a dotación de medios para o correcto funcionamento das funcións que ten asignada a Facultade.
- d) Facer o seguimento do estado do edificio da Facultade, e realizar propostas conducentes a súa mellora.
- e) Propor a programación dos espazos, servizos e equipamentos da Facultade e a supervisión da súa xestión.

Artigo 20. Comisión de Traballo Fin de Grao

A súa composición e as súas funcións son as indicadas no Regulamento de traballo fin de grao da Facultade de Veterinaria.

Artigo 21. Comisión de Normalización Lingüística

1. A Comisión de Normalización Lingüística estará formada por:

- O/a decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside e a convoca.
- 4 representantes do profesorado con vinculación permanente.
- 1 representante do resto do profesorado.
- 2 representantes do estudantado.
- 1 representante do persoal de administración e servizos.

2. A función da Comisión de Normalización Lingüística será desenvolver accións e promover actividades tendentes a favorecer o uso do galego no ámbito da Facultade, tanto na docencia coma no resto de actividades.

Artigo 22. Comisión de Actividades Culturais

1. A Comisión de Actividades Culturais estará integrada por:

- O/a decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside e a convoca.
- 4 representantes do profesorado con vinculación permanente.
- 1 representante do resto do profesorado.
- 2 representantes do estudantado de grao.
- 1 representante do resto do estudantado.
- 1 representante do persoal de administración e servizos.

2. A función da Comisión de Actividades Culturais será dinamizar as actividades culturais do centro.

Artigo 23. Comisión de Xénero

1. A Comisión de Xénero estará integrada por:

- O/a decano/a, ou persoa na que delegue, que a preside e a convoca.
- 4 representantes do profesorado con vinculación permanente.
- 1 representante do resto do profesorado.
- 2 representantes do estudantado.
- 1 representante do persoal de administración e servizos.

2. A función da Comisión de Xénero será velar polo cumprimento efectivo do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos da Facultade no marco das políticas que neste eido deseñe a USC.

Artigo 24. Comisión de Biblioteca

A Comisión de Biblioteca rexerase polo Regulamento da Biblioteca Universitaria, segundo o artigo 150 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

CAPÍTULO III. ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Artigo 25. O equipo decanal

O equipo decanal estará constituído polo/a decano/a, os/as vicedecanos/as e o/a secretario/a.

Artigo 26. O/a decano/a

1. O/a decano/a representa á Facultade, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside e coordina a actividade dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

2. Son competencias do/a decano/a:

a) A representación da Facultade.

b) A presidencia (ou a encarga de elixir a persoa na que delega) das reunións da Xunta de Facultade, da Comisión Permanente e das restantes comisións delegadas e de calquera órgano delas, así como a execución dos seus acordos.

c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Facultade.

d) A dirección académica e económica de todas as titulacións oficiais adscritas á Facultade.

e) A proposta ao/á reitor/a do nomeamento e cesamento do/a secretario/a da Facultade e, de ser o caso, de vicedecanos/as, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.

f) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolvan o seu labor no centro.

g) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.

h) O control do axeitado mantemento do patrimonio do centro.

i) O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da Facultade non atribuídos a outros órganos, así como aquelas outras que lle sinalen os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela ou a lexislación universitaria.

Artigo 27. Os/as vicedecanos/as

1. Os/as vicedecanos/as serán nomeados polo/a reitor/a, a proposta do/a decano/a, entre os membros da comunidade universitaria da Facultade. No caso do profesorado debe estar acollido ao réxime de dedicación a tempo completo, o estudantado deberá estar matriculado na modalidade de matrícula ordinaria e o persoal de administración e servizos deberá ter como único emprego o que desenvolva na Universidade de Santiago de Compostela.

2. A función dos/as vicedecanos/as é a coordinación ou dirección, baixo a autoridade do/a decano/a, das áreas de competencia que este lles encomende, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas lle correspondan ao persoal de administración e servizos. De existiren varios/as vicedecanos/as, o/a decano/a designará a orde de substitución en caso de ausencia ou enfermidade.

3. Os/as vicedecanos/as cesarán no seu cargo por decisión do/a reitor/a ben a petición propia ou a proposta do/a decano/a.

Artigo 28. O/a secretario/a

1. O/a secretario/a da Facultade será nomeado polo/a reitor/a, segundo a proposta do/a decano/a, de entre o profesorado ou funcionariado dos grupos A1 e A2 censados no centro.

2. O/a secretario/a da Facultade é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración da Facultade e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais exercerá aquelas outras funcións que lle delegue o/a decano/a ou que lle encomende a lexislación vixente, os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e este regulamento.
3. O/a secretario/a será substituído por un dos vicedecanos ou vicedecanas, designado/a polo/a decano/a, en caso de ausencia ou enfermidade.
4. O/a secretario/a cesará no seu cargo por decisión do/a reitor/a, ben a petición propia ou a proposta do/a decano/a.

Artigo 29. Elección do/a decano/a

1. O/a decano/a será elixido/a pola Xunta de Facultade entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade, censado no centro.
2. A elección do/a decano/a realizarase seguindo as disposicións sinaladas no Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago de Compostela para a elección de cargos unipersoais.
3. O mandato do/a decano/a será de catro anos e non se poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.
4. Na Xunta de Facultade convocada para a elección de decana ou decano e antes da votación, cada candidato/a disporá dun prazo máximo de 30 minutos para expor as súas liñas de actuación e presentar o seu equipo. De ser o caso, e logo desta exposición, o/a candidato/a procederá a responder ás preguntas e observacións que os membros da Xunta de Facultade realicen, cunha duración máxima dunha hora.
5. Unha vez realizada esta exposición e debate, procederase á votación nominal e secreta, que se fará de acordo ao establecido no Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 30. A revogación do/a decano/a

1. O/a decano/a poderá ser cesado polo/a reitor/a a petición propia, ao remate do seu mandato, ou ser revogado/a por unha moción de censura, de acordo co establecido no Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago de Compostela.
2. Na sesión da Xunta dedicada á moción de censura, daráselle, tanto á candidata ou candidato alternativo proposto como ao/a decano/a, un prazo máximo de 30 minutos para expor as súas posicións. Tras o oportuno debate, realizarase a votación que será nominal e secreta.
3. A moción de censura será aprobada se acada os votos da maioría absoluta dos membros da Xunta. De ser o caso, o/a decano/a comunicarllo ao/a reitor/a no seguinte día hábil co fin de proceder ao nomeamento da decana ou decano electo seguindo en funcións ata a toma de posesión deste.
4. Se a moción de censura non fose aprobada, as persoas asinantes non poderán presentar outra durante o mesmo período de mandato.

Artigo 31. A reforma do Regulamento

1. A iniciativa para a reforma do Regulamento pode ser tomada polo/a decano/a ou a partir dunha proposta asinada por un mínimo do 25% dos membros da Xunta de Facultade.
2. As propostas de reforma do Regulamento deberán estar debidamente argumentadas.
3. A proposta de reforma será posta en coñecemento dos membros da Xunta de Facultade cunha antelación mínima de 15 días naturais antes de ser sometida a votación

nunha reunión da Xunta de Facultade. Durante ese período poderanse presentar no decanato as alegacións que se estime oportunas.

4. Para a súa aprobación, ademais do voto favorable dunha maioría dos membros presentes, será necesario o voto favorable de máis dun 25% de todos os seus membros.

Disposición adicional

As funcións que debe realizar o/a decano/a e secretario/a, entenderase que tamén serán realizadas por quen os/as substitúa, no caso de ausencia ou enfermidade.

Derrogación normativa

Queda derogado o Regulamento de réxime interno da Facultade de Veterinaria aprobado na Xunta de Facultade do día 19 de maio de 1987 e calquera outra disposición adoptada pola Xunta de Facultade ou os demais órganos colexiados do centro que contradiga ou vulnere o establecido neste Regulamento.

Disposición final

O presente Regulamento entrará en vigor coa súa publicación no taboleiro electrónico da USC logo da súa ratificación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, en cumprimento do artigo 81.b dos seus Estatutos.